

PROCEDIMENTO DE CAMBIO DE GRUPO OU QUENDA



PROCEDEMENTO DE CAMBIO DE GRUPO OU QUENDA

I. PROCEDEMENTO DE CAMBIO DE GRUPO MEDIANO NO MARCO DO GRAO EN DEREITO

Ao inicio do correspondente período docente, no prazo de 10 días hábiles, o alumnado poderá dirixir á Secretaría do Decanato as solicitudes de cambio de grupo mediano –conforme ao modelo que figura como Anexo I.

A concesión do referido cambio supéditase á concorrencia das circunstancias seguintes:

- Que o/a alumno/a interesado/a alegue e acredite imposibilidade para asistir ao grupo mediano inicialmente asignado, por ser o horario deste último incompatible co horario doutra materia do Grao en Dereito. A tal efecto, deberá acompañar copia de matrícula noutras materias do Grao en Dereito, coa finalidade de que se poida constatar o solapamento do horario destas últimas co do grupo mediano inicialmente asignado.
- Que o profesorado dos grupos medianos implicados sexa o mesmo.

De concorrer as circunstancias citadas e efectuarse a solicitude en tempo e forma, o/a Decano/a autorizará o cambio de grupo mediano, remitindo comunicación ao profesorado responsable da materia correspondente.

En todo caso, velarase pola composición equilibrada dos grupos.

II. PROCEDEMENTO DE CAMBIO DE QUENDA ENTRE O GRAO EN DEREITO E O PROGRAMA CONXUNTO GRAO EN ADMINISTRACIÓN E DIRECCIÓN DE EMPRESAS/ GRAO EN DEREITO

Na Facultade de Dereito, o alumnado que cursa o Grao en Dereito e o Programa conxunto Grao en Administración e Dirección de Empresas/Grao en Dereito, atópase, por razóns organizativas, adscrito a quendas –de mañá e tarde- diferentes. Elo implica que se xeren, para as materias do Grao en Dereito e do Programa conxunto, actas de cualificación específicas. Ademais, é frecuente que unhas e outras materias sexan impartidas por distinto profesorado. Incluso, consonte aos correspondentes plans de estudos,



algunhas materias son impartidas, no Grao e no Programa conxunto, en cursos diferentes.

Por todo elo e habida conta as correlativas dificultades administrativas que implica un cambio de quenda entre o Grao en Dereito e o Programa conxunto Grao en Administración e Dirección de Empresas/Grao en Dereito, o mesmo só se pode conceder de concorrer causa de forza maior debidamente acreditada pola persoa interesada.

A tales efectos, considéranse causas de forza maior aquelas vinculadas á saúde do estudante ou á concorrencia no mesmo dunha discapacidade, que xustifiquen a adscrición excepcional a unha quenda diferente a aquela que, consonte a planificación docente anual, corresponda ao Grao ou Programa conxunto cursado.

De concorrer as referidas causas de forza maior, o/a alumno/a interesado/a deberá remitir unha solicitude á Secretaría do Decanato –consonte ao modelo que figura como Anexo II-, achegando a documentación acreditativa que se estime pertinente.

Examinada a solicitude, correspóndelle ao Decano/a a súa resolución.

III. SUPOSTOS EXCEPCIONAIS

Ao marxe dos supostos expresamente contemplados, corresponderá á Comisión Permanente da Facultade de Dereito a resolución daquelas solicitudes fundamentadas na concorrencia doutras circunstancias excepcionais debidamente acreditadas e que, a xuízo do órgano de dirección, deban, pola súa gravidade ou entidade, ser obxecto de avaliación polo citado órgano.

Dilixencia para facer constar que o Procedemento para o cambio de grupo ou quenda foi aprobado pola Comisión Permanente da Facultade de Dereito o día 9 de febreiro de 2017 e publicado na páxina web e no taboleiro de anuncios da Facultade o día 27 de febreiro de 2017.

A SECRETARIA



Concepción Martínez Martínez

SOLICITUDE DE CAMBIO DE GRUPO MEDIANO NO MARCO DO GRAO EN DEREITO ANEXO I

D. /Dna con DNI..... e domicilio, a efectos de notificación, en

EXPÓN

Que non pode asistir ao grupo mediano ... da materia (... curso), polas seguintes circunstancias -debe achegarse documentación acreditativa:-

....., e por elo

SOLICITA

Que se lle cambie ao grupo ... da materia (... curso), e se lle comunique a resposta

- Por e-mail:
- Por teléfono:
- Por correo:

En Ourense, a.....de.....de 201

Asdo.:

SR/A. DECANO/A DA FACULTADE DE DEREITO.



SOLICITUDE DE CAMBIO DE QUENDA ENTRE O GRAO EN DEREITO E O PROGRAMA CONXUNTO GRAO EN ADMINISTRACIÓN E DIRECCIÓN DE EMPRESAS/ GRAO EN DEREITO	ANEXO II
---	-----------------

D. /Dna
con DNI..... e domicilio, a efectos de notificación, en

EXPÓN

Que non pode asistir á quenda de mañá/tarde do Grao en Dereito/ Programa Conxunto Grao en Administración e Dirección de Empresas - Grao en Dereito, polas seguintes circunstancias –debe achegarse documentación acreditativa:-.....
.....
....., e por elo

SOLICITA

Que se lle cambie á quenda de mañá/tarde do Grao en Dereito/ Programa Conxunto Grao en Administración e Dirección de Empresas - Grao en Dereito, e se lle comunique a resposta

- Por e-mail:
- Por teléfono:
- Por correo:

En Ourense, a.....de.....de 201

Asdo.:

SR/A. DECANO/A DA FACULTADE DE DEREITO.